

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/02	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	3 de FEBREIRO de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 21:05 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



D. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN non asiste por asuntos persoais.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>
----------------------------

<b>1. Expediente 31/2022. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación</b>
<b>DEBATE</b>	
<p>O Sr. González presenta a proposta correspondente ao REC relativo ao expediente 31/2022 e indica o importe do REC por importe total 238.529,63 €. Indica que os membros da Corporación teñen toda a documentación con respecto ás mesmas por medio do expediente.</p> <p>Toma a palabra a Sr. Molinos voceira do PP que indica que en primeiro lugar quere felicitar a Sra. Alba Quintela que se atopa telematicamente pola sua recente maternidade.</p> <p>Continúa indicando que con respecto ao primeiro punto do Pleno o PP, como xa ten dito e sobre asuntos similares aos que nos ocupa, entendemos que as facturas que se presentan no Concello e que se derivan de traballos ou subministracións que realmente se prestaron e son conformes ao demandado deben ser aboadas polo Concello. O que si queremos destacar que neste primeiro REC unicamente correspondese con facturas emitidas este ano, pero de prestacións feitas o ano pasado a cantidade de 34.976,09 €, e os restantes 203.553,54 correspondese a facturas do ano pasado que non tiñan o respaldo documental requirido para a tramitación das mesmas ou para as que non había créditos orzamentarios. É dicir, que o Goberno municipal fixo un gasto de polo menos de 203.000 € sen a documentación requirida ou sen ter o aval de ningún crédito orzamentario que o respaldase. E quixera aclarar, polo menos, porque non sabemos se hai máis facturas similares.</p> <p>Parécenos que este desorde na xestión da economía do Concello non é nada desexable pero pouco máis se pode esperar de un goberno que en tres ano só foi</p>	



capaz de facer un orzamento municipal e aínda así de xeito extemporánea. A estas alturas debería de ter tres orzamentos feitos e que entraran en vigor cada un deles a un de xaneiro da súa anualidade correspondente para deste xeito manexar a economía do Concello en tempo real e dándolle resposta ás necesidades e gasto anual, tal como faría un goberno responsable e eficiente.

Toma a palabra a Sr. Núñez voceiro do BNG que lle da os parabéns a Sra. Quintela e a súa familia e darlle a benvida ao concello de Outes. Dito isto e en referencia ao punto do día indica que sabemos que o REC é unha cuestión de trámite, xa que, as facturas emitidas hai que pagalas. Pero o BNG intenta cumprir co seu traballo de fiscalización que facemos dende a oposición e non podemos deixar de ver certas cousas que nos chaman a atención. Intervención xa ten emitido dende 2019 certos reparos e observacións con que había que sacar unhas bolsas que non se fixo e que o Concelleiro de Deportes a raíz da pregunta que fixo o noso grupo o mes pasado resulta que agora comezan a facer os trámites. Chama a atención que a empresa que xestiona Outes Concilia e que vostedes lle dan o contrato sen concurso público, polo momento, esa mesma empresa é a que leva a substitución da bolsa tanto en xuño do ano pasado como en decembro, chama a atención unha empresa que se adica a ensino infantil que xestione isto, chama a atención pero que en xuño xa lles fixera falta e esperar a que o grupo do BNG fixera a pregunta o mes pasado para dicir que comezan cos trámites. En decembro tiveron que volver a recorrer a esta empresa, é canto menos rechamante. Hai outros datos que tamén son rechamantes, nós seguiremos atentos a estas cuestións e o que nos gustaría é que se atendera ao traballo dos traballadores municipais.

Toma a palabra o Sr. González que indica que xa tiveron a oportunidade de felicitar á Sra. Quintela e que felicitan a ela e a súa familia. Con respecto ao expediente apuntar que boa parte das facturas pertencen ao exercicio anterior e que moitas se rexistran no último mes, moitas, e sole ser habitual, e non é fácil polo servizos que tramitan ditas facturas para que se poidan pagar a 31.12.2021. esa é a razón fundamental. Sobre as palabra do BNG é certo que se externalizan certos servizos en momentos puntuais como é o caso do PAI ou da piscina. En canto á piscina xa foi aclarado polo Concelleiro o outro día e recorrese a esta empresa por unha cuestión fundamental que é a continuidade do servizo. Para que o servizo non peche pero non por iso deixamos de priorizar o uso de recursos propios.

Engade o Sr. Núñez que falaba da substitucións dos socorristas da piscina municipal, e están de acordo en que non queremos que se paralice o servizo.



Reitérolle que o que di Intervención en reiterados informes é que hai que sacar unha bolsa para substitucións dende 2019 e vostede fala de urxencia, pero é porque non o fixeron antes. Non sei se quere contestar de porque non xestionaron esta bolsa antes, e se quere explicalo, o BNG seguirá facendo o seu traballo.

Toma a palabra o Sr. González que reitera o citado con anterioridade e fai referencia ás numerosas baixas pola situación actual.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 5 votos a favor.

BNG: 2 abstencións.

GRUPO MIXTO-PSOE: non asiste.

### **ACORDO**

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 238.529,63 € que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:

- X/2021/1 (facturas SGAE anteriores ao exercicio 2021) de importe 6.111,15 €.
- X/2021/2 (facturas Comercializadora rexistro FACe setembro) de importe 2.484,36 €.
- X/2021/3 (facturas Comercializadora rexistro FACe outubro) de importe 9.487,12 €.
- X/2021/4 (facturas Comercializadora rexistro FACe novembro) de importe 10.472,40 €.
- X/2021/5 (facturas Comercializadora rexistro FACe decembro) de importe 18.423,97 €.
- X/2021/6 (facturas Naturgy REC) de importe 17.569,17 €.
- X/2021/7 (facturas periódicas REC) de importe 31.459,83 € (gasto orzamentario 31.306,02 €).
- X/2021/8 (locomoción auxiliares SAF REC) de importe 1.228,82 €.
- X/2021/9 (facturas ordinarias REC) de importe 106.316,72 € (gasto orzamentario 106.068,44 €)
- F/2022/1 (facturas ano 2021 presentadas no ano 2022) de importe 34.976,09 €



(gasto orzamentario 34.974,83 €)

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2020, prorrogadas para 2022, o Pleno da Corporación adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2022 por importe total de 238.529,63 €, que se contén nas seguintes relacións contables:

- X/2021/1 (facturas SGAE anteriores ao exercicio 2021) de importe 6.111,15 €.
- X/2021/2 (facturas Comercializadora rexistro FACe setembro) de importe 2.484,36 €.
- X/2021/3 (facturas Comercializadora rexistro FACe outubro) de importe 9.487,12 €.
- X/2021/4 (facturas Comercializadora rexistro FACe novembro) de importe 10.472,40 €.
- X/2021/5 (facturas Comercializadora rexistro FACe decembro) de importe 18.423,97 €.
- X/2021/6 (facturas Naturgy REC) de importe 17.569,17 €.
- X/2021/7 (facturas periódicas REC) de importe 31.459,83 € (gasto orzamentario 31.306,02 €).
- X/2021/8 (locomoción auxiliares SAF REC) de importe 1.228,82 €.
- X/2021/9 (facturas ordinarias REC) de importe 106.316,72 € (gasto orzamentario 106.068,44 €).
- F/2022/1 (facturas ano 2021 presentadas no ano 2022) de importe 34.976,09 € (gasto orzamentario 34.974,83 €).

**SEGUNDO.** Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2022 prorrogado, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións sinaladas no punto anterior.

## 2. Expediente 32/2022. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación

**DEBATE**



O Sr. González presenta a proposta correspondente ao expediente 32/2022. Indica de xeito resumido que se refire ao POS adicional 2022 no que se vai debater a proposta da mesma e seguindo a dinámica da Deputación, neste caso, en gasto social. Presenta os diferentes servizos que se pretenden aprobar no presente Pleno e engade as diferentes puntualizacións das diferentes partidas establecidas no extracto da proposta de acordo.

Toma a palabra a Sr. Molinos voceira do PP que indica que fai referencia aos equipamentos e que hai unha partida destinada a obras ou reformas de vivendas, intervén o Sr. González que indica que atópase na partida de 21.500€ pero que non se atopa desenrolada, entra dentro deste apartado.

Continúa a Sra. Molinos indicando que como gasto corrente non como gasto de investimento o que o Sr. González indica que si. Prosigue a Sra. Molinos indicando que aclarado ese termo, no que se refire ás actuacións recollidas neste Plan especial que a Deputación dirixe ao financiamento de gastos sociais extraordinarios, sorpréndenos que o Goberno que en tantas ocasións se queixa do elevado traballo que teñen os traballadores municipais, particularmente o departamento de servizos sociais, e que nos consta, non incluía unha dotación para o reforzo deste servizo, posibilidade que figura no apartado a)12.1 e gustaríanos facer dúas puntualizacións máis ao respecto. A primeira é que esperamos que nesta ocasión o goberno sexa quen de xestionalo de xeito que non suceda no ano 2020 cando foi por todos coñecido que tivemos que devolver á Deputación por non ser quen de xustificar o gasto máis de 25.000€ dos 43.132€ que lles asignaron aos veciños de Outes naquela ocasión. E a segunda puntualización é que unha vez que se poidan trasladar estas axudas aprobadas para os veciños se dean a coñecer convenientemente aos posibles beneficiarios e que se valoren as solicitudes por parte dos servizos sociais. Fora destas apreciacións, parécenos que calquera axuda da que se poidan beneficiar os veciños é benvinda.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que a súa primeira dúbida xa a resolveu con respecto ás obras nos fogares e indica que o inclúe na partida dos 21.500€, con posterioridade indica que xa lle quedou claro. Continúa indicando que esperemos que poida xustificar estas partidas e que os requisitos para ter dereito a estas axudas sexan aplicables polos axentes sociais deste Concello seguindo os criterios de transparencia e igualdade. Só nos chama a atención no apartado h) adquisición de equipamento técnico asistencial etc, é unha partida que dotan con 12.500€ e pretenden facelo depósito para axuda no fogar para persoas dependentes que solábase con axudas do propio INS e do SERGAS, temos



organismos que prestan esas axudas e vostedes deciden investir nunha partida que entendemos que cunha boa orientación dos traballadores sociais podería ir dirixida a outros fin sociais tamén necesarios, como pode ser o persoal en servizos sociais.

Toma a palabra o Sr. González que indica que comenta que os criterios nos que se conceden as axudas son técnicos e a adquisición dunha serie de elementos tamén pasa cunha serie de axudas que se prestan no Concello, como son as de emerxencia social. Aquí temos dúas cuestións a maiores, a convocatoria que fixemos en novembro funcionou moi ben e incluso tendo en conta que foi case ao final do exercicio e cubríronse cerca dos 15.000€ demanda detectada polos servizos sociais e o xeito de realizala, adquisición como inventario do Concello, como préstamo.

Toma a palabra a Sra. Molinos que non lles cabe dúbida que serán revisadas con rigorosidade e que é preciso unha maior publicidade, en dar a coñecer esas axudas, xa que, hai moitas persoas que non se decataron da anterior convocatoria. Que traballen e se esforcen para que todos poidan beneficiarse.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que non lle cabe dúbida de que exista tal demanda e material pero sin contradicir o investimento social pero creo que a referida partida podería de redistribuirse mellor. De todos xeitos, gustaríanos que fixeran publicidade destas coberturas sociais tendo en conta non só aquelas persoas dependente porque moitas veces son os que máis cubertos están. É necesaria a cobertura de necesidades de aquelas persoas que non son dependentes non ten tanta cobertura, o reforzo do persoal dos servizos sociais podería axudar a detectalos.

Toma a palabra o Sr. González que indica que collen as suxestión e intentaremos incorporala.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 3 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: non asiste



## ACORDO

Ao abeiro da convocatoria do POS+Adicional 1/2022, publicado no BOP nº 228, do 30 de novembro de 2021 o pleno deste concello, adopta o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

73.319,89 €

Achega provincial **SOLICITADA** para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

73.319,89 €

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2022</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>
---	-------------------------------------	--	--

(A)

(B)

(A-B)

b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de

21.500,00€

0.00 €

21.500,00€





xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.

	35.000,00€	5.000,00€	30.000 €
--	------------	-----------	----------

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais

	15.000,00€	5.680,11€	9.319,89€
--	------------	-----------	-----------



comunitarios.

<b>SUBTOTAL GASTOS</b>			60.819,89
<b>CORRENTES</b>	71.500,00 €	10.680,11 €	
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	12.500,00 €	0,00 €	12.500,00€
<b>SUBTOTAL GASTOS</b>			12.500,00 €
<b>INVESTIMENTO</b>	12.500,00 €	0,00 €	
<b>TOTAL</b>	84.000,00 €	10.680,11 €	73.319,89 €

### 3.Expediente 1041/2021.Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 1041/2021 relativo ao POS ordinario 2022, na que se traen a Pleno unha serie de actuacións que financia integramente a Deputación de A Coruña. Expón os datos reflectidos na proposta de acordo con relación as actuacións e as referidas ao plan complementario, que aclara que pode ser financiado posteriormente con recursos sobrantes ou outros recursos. Entendemos que son infraestruturas necesarias e que atendemos propostas que foron feitas moitas polos grupos da oposición.



Tras o que pasa a citar cada unha das obras da proposta de acordo cunhas pequenas referencias e a contía das mesmas, tanto do ordinario como do complementario.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que a proposta que trae o Goberno municipal pon de manifesto unha vez máis o recorrente incumprimento de compromisos contraídos. No pleno de outubro do ano 2019 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo noso grupo, na que se presentaban 22 actuacións que o goberno municipal debiera de ter licitadas antes do 31 de decembro do ano 2021, prazo que naquel momento que accediamos a ampliar. Naquel momento vostede alegrouse de que naquel momento flexibilizáramos o prazo da proposta e quería apoiar a moción porque na súa maior parte as actuacións relacionadas coincidían coas que vostedes recolleran e que xa tiñan intención incluílas e polo que lles parecía adecuada a nosa proposta. Pero non coincide co que fixeron. A Sra. Molinos procede á enumeración dunha serie de obras que non foron realizadas e se atopaban no acordo acadado e que delas nadase sabe. Rematado o prazo establecido no acordo e non cumprido, parécenos que o máis honesto pola súa parte sería telas incluídas agora e así dar cumprimento ás propostas que segundo as súas verbas se recolleron nas reunións veciñais.

Non son que de cumprir acordos plenarios nin de cumprir o que plasmaban no seu programa electoral de darlle resposta as demandas da cidadanía en canto á participación da elección das obras prioritarias das súas parroquias.

Indica a Sra. Molinos que xa centrándonos no POS do acordo quixeramos puntualizar que facendo un estudo dos proxectos que se inclúen no expediente a información sobre a actuación non é de todo completa e pon varios exemplos con respecto algunhas das deficiencias dos proxectos así como ningunha partida na que se valore a execución da canalización para o soterramento dos cables de telefónica que na actualidade van polas fachadas polos edificios. Sorprendente polo sucedido na Rúa da Capela, fainos pensar que a revisión dos proxectos por parte do Goberno é bastante deficiente. Engadir que as dúas obras referenciadas temos que dicir que si que formaban parte da moción presentada polo noso grupo.

Por último engadir que non vemos ningunha obra de saneamento neste plan e parécenos necesario a realizacións de actuacións dese tipo.



Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que previa convocatoria deste Pleno, extraordinario, vostedes dirixíronse a nós para que lle mandamos unha relación das obras que queríamos incluír neste POS. Cando nos chegou dita comunicación chamounos a atención, xa que, pola nosa parte tiñan obras de sobra para facer e incluír neste POS como para necesitar outro lista. Aínda así decidimos achegarlle a listaxe de obras e ademais trasladámoslle unha memoria dos tres anos que leva vostede no mandato e todas as mocións e rogos que achegou este grupo, mocións máis de 30 e rogos incalculables. Recórdolle e insístolle que os rogos son necesidades dos distintos lugares do noso Concello, son dos veciños, eses mesmos rogos fóronlle trasladados nos encontros parroquiais.

De toda a listaxe só sacou unha que é o arranxo do pavillón da Serra, polo tanto fixemos moi ben en mandarlle unha memoria recordatoria das obras que ten pendentes de executar pero que si están aprobadas que foron presentadas polo noso grupo, como o arranxo da escola de Tarás, a pavimentación de varios viais no núcleo de Outes, humanización Doutor Esperante que chama a atención de que non saiba responder de se leva a canalización do soterramento da liña eléctrica. Chama a atención que vostede teña unha tendencia a concentrar sempre as obras e actuacións en determinados lugares e parroquias mentres que outras levan anos sen ningún tipo de mellora e actuación e tampouco vota conta delas. Cando vostede chegou ao cargo comprometeuse a defender os intereses e necesidades do Concello Outes, algo que xa demostrou non ser quen de facer ante as distintas administracións, ante Portos, ante á Xunta etc.

Tampouco fixo nada por defender os recortes das liñas de autobús no noso Concello o intento de recorte no profesorado, pediatra, parques eólicos, etc e vostede ante as deferentes administracións non fixo nada ante as diferentes administracións. Comprometeuse a defender os intereses e necesidades de Outes e máis ben parece o contrario, parece que veu a poñer a Outes ao seu servizo. Se en algo tivo sorte foi coa oposición que é máis responsable como oposición que vostedes como goberno e aínda que non aprobemos o seu xeito de gobernar e aínda que temos certas dúbidas de que este POS se vaia a realizar, pese a isto imos a aprobar este POS. Non o porque o merezan senón porque temos unha responsabilidade e temos claro que non imos a deixar á veciñanza de Outes sen obras.

Toma a palabra o Sr. González que indica que agradece o voto a favor e entende que tiña a Sra. Suárez pero que tan malo non debe de ser cando votan a favor. Claro que vostede trouxeron moitos rogos e claro que recibimos todos os días



peticións e necesidades pero temos uns recursos para atendelas. Os recursos son limitados e temos que priorizar. E en relación ao que apuntaba a voceira do PP sobre os incumprimentos teño que recordar a data de 2020 que trouxemos unha serie de actuacións importantes que ascendían a 1.500.000€ e algunhas actuacións aínda agora se inclúen aquí e que eran propostas súas e que vostedes naquela ocasión votaron en contra. Nos cumprimos a nosa parte, trouxemos a proposta e vostedes votaron en contra, agora non nos digan que non cumprimos. Efectivamente vostedes votaron en contra dunhas obras que foron propostas para o plan 2021 e foron todas propostas dos distintos grupos, que conforman unha parte moi importante do plan actual.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que esa frase tan famosa que repite tantas veces o Sr. González relacionado co que os recursos son limitados, penso que tamén a podería aplicar en outubro do 2019 cando votou a favor de todas esas obras e comprometeuse a facelas. Entendo que nese momento tamén se podía aplicar esa frase. En segundo lugar no ano 2020 nós non votamos en contra de ningunha obra das que vostede propuxo, votamos en contra do método de financiamento das mesmas e aínda que o repita non é como vostede di. Votamos en contra do xeito de financiamento e de todos xeitos non estaban incluídas todas as que se relacionaban e as que vostedes co seu voto a favor comprometéronse a facer. Que quede claro que non cumpriron o que se quedou acordado naquel Pleno.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que non fai falta que lles recalque o seu oficio e que nos diga unha e outra vez que a partida é a que é, do que xa somos conscientes. Hai unha cuestión que se chama priorizar e neste POS non o fixeron , vostedes concentran as obras en tres parroquias determinadas, é o único que lle recriminamos. Aprenda a ver as urxencias e necesidades máis imperiosas do noso Concello.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 3 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: non asiste



## ACORDO

Vista a convocatoria do PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS + 2022, o Pleno da Corporación adopta o seguinte ACORDO:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>0</b>

### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello
PAVIMENTACION RUA DA BRAÑA NO CONCHIDO E OUTRO	47.470,59	0	0	0
MELLORAS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SERRA DE OUTES	62.352,80	0	0	0
PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE TARÁS E OUTRO	38.807,07	0	0	0
PAVIMENTACION DO VIARIO DO NÚCLEO DE CRESPOS (VALADARES)	60.854,95	0	0	0
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>209.485,41 €</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO	
	Concello	



Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello
Humanización rúa Doctor Esperante (Outes) e outro	167.575,66 €	0	0	0
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>167.575,66 €</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

- Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
	0
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	<b>0</b>

**- Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	0				0 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0				0
B- INVERSIONES	Achega 2022	209.485,41	0	0	0	209.485,41 €
	Achega 2021	167.575,66	0	0	0	167.575,66 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0				0
	Achega 2022	0				0
	Achega 2021	0				0
	Préstamo 2022	0				0
	<b>TOTAL</b>	<b>377.061,07 €</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>377.061,07 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar



os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Pavimentación en Lagoa (San Cosme)	55.928,56		
Pavimentación do viario do núcleo de Outes I (Outes)	47.369,96		
Acondicionamento da antiga escola de Tarás (Tarás)	42.398,59		
Pavimentación do viario do núcleo de Banzas (San Ourense)	55.027,69		
Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros	40.172,57		
Pavimentación Rua Conchido-Tras Pavillón (A Serra) e outros	52.010,40		
<b>TOTAIS</b>	<b>292.907,77 €</b>		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e





xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

*Remata a sesión ás 21:05 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 9LEFEC2Q3AXAYEGA9N7MGMZE | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17